



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 11/2023

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E OITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

En Ordes, a vinte e oito de setembro de dous mil vinte e tres.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SANJURJO.
- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVARDE REY
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Non asiste:

- D^a. MARIA VIEITES CALVO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria de 11 de agosto de 2023, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A acta da sesión ordinaria, de data 11 de agosto de 2023, resultou aprobada por maioría de trece votos a favor, coa abstención do Sr. Veiras Carneiro, Sr. Villaverde Rey e Sra. Ribadas López, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

3. RATIFICACIÓN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 21/07/2023, PARTICIPACIÓN POS+ ADICIONAL 2/2023, 2ª FASE, PARA GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES POR MAIOR ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Vista a comunicación de deficiencias realizada polo Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial detectadas na solicitude formulada polo Concello de Ordes, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 21/07/2023, de participación no POS+ADICIONAL 2/2023 SEGUNDA FASE (A. Financiamento de gastos correntes).

Visto o disposto na Circular, de data xuño-2023, sobre a elaboración do POS+ADICIONAL 2/2023 para gasto corrente e investimentos financeiramente sostibles por maior achega da Deputación.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 21/07/2023, de participación no POS+ADICIONAL 2/2023 SEGUNDA FASE (A. Financiamento de gastos correntes).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Persoal, de data 22/09/2023.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que tamén van a votar a favor.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 21/07/2023, de participación no POS+ADICIONAL 2/2023 SEGUNDA FASE (A. Financiamento de Gastos correntes).

2º.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial.

4. APROBACIÓN DUNHA BONIFICACIÓN DO 75% DA COTA DO ICIO, LICENZAS URBANÍSTICAS/COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN/AMPLIACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS AGROGANDEIRAS.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Vistas as solicitudes de concesión de bonificación cota ICIO, licenza urbanística/comunicación previa de inicio de obras de construción/ampliación dunha explotación agrogandeira existente (**Expdte. 2023/X998/000337**).

Visto o disposto no art. 8.2 (bonificacións) da Ordenanza fiscal nº 4, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (BOP nº 87, de data 09/05/2018).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 22/09//2023.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Aprobar unha bonificación do 75% da cota do ICIO, licenzas urbanísticas/comunicación previa de inicio de obras de construción/ampliación das explotacións agrogandeiras seguintes:

- **SAT LAVANDEIRA**, con CIF nº B15605355, obras en solo rústico de protección ordinaria (solo non urbanizable común, NU), de ampliación de explotación de gando vacún de leite existente: **“SILO FORRAXEIRO DE FORMIGÓN”** (612,00 m²) (2.070 m³), en Lg. Lavandeira de Abaixo, Poulo, Ordes (agrupación fincas referencia catastral 15060A059007060000BY - 15060A059002430000Br - 15060A059002460000BI), segundo proxecto técnico redactado polo director e coordinador de seguridade e saúde das obras Manuel Mosquera García, enxeñeiro técnico agrícola, cun orzamento de execución material de **68.628,61 euros (Expdte. 126/2023 – 2023/U022/000007)**.
- **GANDERÍA PAMPÍN, S.C.**, con CIF nº J70401732, obras en solo rústico protección agropecuaria (solo non urbanizable de protección de cultivos, SA), de ampliación de establo (501,43 m²) e foxa de xurro (193,29 m² – 731,69 m³), construción de almacén (101,88 m²), construción de soleira de formigón dunha explotación agropecuaria existente de vacún de leite, en Lg. Castenda, Parada, Ordes (parcela 424, polígono 4 da ZCP Parada) segundo proxecto técnico de obras asinado polo director das obras José Manuel García Pedreira, enxeñeiro técnico agrícola, cun orzamento de execución material de **150.000,00 euros (Expdte. 91/2023 – 2023/U022/000006)**.
- **CASA RAÑA S.A.T. Nº 1037 XUGA**, con CIF nº V15710114, obras en solo rústico de protección agropecuaria (solo non urbanizable común, NU), de ampliación de explotación agropecuaria existente de vacún de leite: ampliación de establo existente (4) (**914,00 m²**), en Lg. Ludiño, 5, Pereira, Ordes [(parcela 338 da ZCP de Beán-Pereira II) (Parcela catastral 15060R502003380000ER)], segundo proxecto técnico redactado por José Manuel García Pedreira, enxeñeiro técnico agrícola, cun orzamento de execución material de **euros 171.100,00 (Expdte. 000/2023 – 2023/U022/000012)**.

5. INICIACION EXPEDIENTE PARA CONCESIÓN DO TÍTULO DE FILLO DE ORDES, NA CATEGORÍA DE FILLO ADOPTIVO A TEODOSIO MARTINO MARTINO.

Vista a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

“O art. 1 do Regulamento de honras e distincións do Concello de Ordes, establece que co fin de premiar especiais merecementos, destacados servizos ou beneficios sinalados para este Municipio, e co fin de dar unha proba da alta estimación da que se fan acredores méritos, calidades ou circunstancias singulares merecedoras do público agradecemento cara os seus autores, o Concello de Ordes institúe entre outras honras e distincións: Nomeamento de Fillo Adoptivo de Ordes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Este título poderás concederse, segundo o art. 3 de dito Regulamento a aquelas persoas que non habendo nado no municipio de Ordes, teñan destacado de forma extraordinaria polas súas calidades ou méritos persoais ou servizos prestados en beneficio e na honra deste municipio e teñan alcanzado a consideración indiscutible no ámbito público. Teodosio Martino Martino, nado en Soto de Sajambre (Oseja de Sajambre, León) o 6 de xaneiro de 1944, enxeñeiro técnico agrícola, chegou a Galicia en 1973 como funcionario da Dirección de Extensión e Cooperación Agraria, integrada na Xunta de Galicia en 1986. Foi alcalde de Ordes dende o ano 1987 ata o ano 2007, primeiro por Coalición Progresista Galega, despois polo Partido Popular (PP), logo por Democracia Galega (1999) e finalmente de novo polo Partido Popular (PP).

Teodosio Martino Martino é merecedor do título de Fillo Adoptivo de Ordes por ser parte da historia política deste municipio, tendo contribuíndo de forma significativa durante os vinte anos ao fronte do goberno e administración municipal do Concello de Ordes á mellora económica e social deste municipio.

Visto o ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do Pleno, de data 22/09/2023.

Tendo en conta o anterior, e segundo o establecido nos arts. 7 e 8 do Regulamento de honras e distinción do Concello de Ordes, propoño ao Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Iniciar expediente xustificativo dos méritos e circunstancias, con inclusión de cantas informacións, probas ou dilixencias se necesiten para que os servizos, feitos ou actuacións consten fehacientemente, para a concesión do título de Fillo de Ordes, na categoría de Fillo Adoptivo a Teodosio Martino Martino.

2.- Designar como instrutor do expediente xustificativo, coa asistencia do Secretario Xeral, á concelleira desta Corporación: Susana García Gómez. A cal, unha vez ultimado este, deberá elevar proposta de concesión ou denegación deste título”.

Visto o informe xurídico da Secretaría Xeral.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta é a primeira proposta que vai a traer este grupo político neste mandato 2023-2027. A intención é que ao longo deste catro anos que se poidan nomear fillos predilectos ou adoptivos a todos os alcaldes que foron elixidos en Ordes dende a aprobación da constitución: D. Antonio Concheiro, D. Manuel Mundito, D. Teodosio Martino e D. Manuel Regos. Este é un plantexamento que seguirán ano a ano durante este mandato, comezando pola persoa de Teodosio Martino, que foi o Alcalde que durante máis tempo exerceu o cargo dende o ano 1987 ao 2007. Solicita, se o teñen a ben, o acordo unánime da Corporación para que este expediente poida iniciarse.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Ribadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que esta formación política está plenamente de acordo en homenaxear a todas aquelas persoas que de algún xeito adicaron a súa vida ao servizo público. Non obstante entenden que non debe haber un criterio diferenciador entre o Sr. Martino e outros alcaldes da historia democrática de Ordes. Sobre entenden que todos os rexidores anteriores e posteriores ao seu mandato foron valorados positivamente, polo menos por parte da poboación Ordense. Deberían entón homenaxear a todas aquelas persoas que traballaron polo desenvolvemento social e económico do noso concello, independentemente da súa cor política. No ano 2015 por



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

iniciativa deste grupo político chegouse ao acordo de homenaxear á corporación do 36 e celebrar un acto conmemorativo. A súa compañeira Carmen Ferreiro o lembrou no pleno ordinario de abril de 2022 e aínda hoxe non se tivo en conta esta petición. Lexitimamente vostedes poden defender unha serie de motivos polos que propoñen nomear ao Sr. Martino como fillo adoptivo de Ordes, pero permítanlle achegar unha serie de cuestións que creen relevantes. Foi o primeiro alcalde en fixarse un salario desmesurado, no ano 2005, fai case vinte anos, este rexidor cobraba 48.000,00 €. Para opinión de moitas persoas o Sr. Martino non estaba á disposición do Concello, máis ben o Concello estaba á súa disposición. Durante os vinte anos do seu mandato facilitou que o parque empresarial caese en mans de especuladores causando un retraso irrecuperable que aínda a día de hoxe sufrimos. Que a estación do tren se atope en Fosado inutilizada é tamén froito da labor de goberno do Sr. Martino. Moitas deficiencias que presenta hoxe Ordes veñen desa época.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que no BNG non teñen nada en contra no plano persoal co Sr. Martino, como non pode ser doutro xeito. Sempre que acode a un acto no Concello de Ordes aproveitamos a ocasión para saudalo e manter unha conversa con el como con calquera outra persoa. Isto non quita para que fose o protagonista dunha das épocas máis turbias e pouco exemplificantes da historia política do noso concello. No ano 1998 o Sr. Martino amparouse e beneficiouse do transfuguismo para acadar a alcaldía. Certo é que tan culpable é quen se beneficia do transfuguismo fomentando e ofertando este como os concelleiros que directamente se converten en tráfugas. Deste xeito integrou no seu día ao Sr. José Luis Díaz Hermida e ao Sr. Victorino Cores, naquel concelleiros electos do PSOE e BNG, respectivamente. Deturpando e corrompendo a elección que fixera democraticamente a veciñanza. Tamén hai que recordar que no ano 2005 foi reprobado polo pleno da corporación municipal por unhas declaracións aludindo a unha enfermidade que padecía un concelleiro. Repiten, no plano persoal non teñen nada en contra da persoa do Sr. Martino, pero non creen que poida se una figura obxecto dun expediente de nomeamento de fillo adoptivo por que do contrario esta corporación o que estaría a facer é branquear é mesmo premiar episodios de transfuguismo entre outras cousas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que escoita asombrado os argumentos que acaban de dar, todos eles aceptables. As sombras na actividade pública, política sempre aparecen na figura do alcalde. Sen entrar no fondo da cuestión por que non ben ao caso, episodios de transfuguismo no caso de referencia, sen entrar a valoralo por que non formaba parte da corporación, si que é certo que foi o lexítimo gañador das eleccións locais, sen ter en conta ese feito tería todas as posibilidades de alcanzar o cargo xa que non había posibilidade de acordo entre o resto das formacións políticas. Entrar a facer outras valoracións nunha persoa que obtivo tantos apoios durante tantos anos dende o punto de vista político. Ao mesmo tempo toda a labor que fixo dende o Servizo de Extensión Agraria polo rural Ordense dende o ano 1973. Unha persoa que tiña unha formación e que foi destinado a este municipio no que se instalou a vivir, no que sigue vivindo aínda a día de hoxe a pesar de non forma parte da vida política. Pensa que é merecedor do recoñecemento, así como de todos os alcaldes que formaron parte desta corporación. Insiste en pedir o apoio para este expediente. Non vai a entrar en polémicas, ao no formar parte desa época de actividade municipal. Pero estes recoñecementos deben facerse en vida das persoas. Unha persoa que foi alcalde de anos tantos anos, aínda que so fosen catro o oito anos, as corporacións deben telo en conta. A mención á corporación de 1936, hoxe non era o día de traelo a colación por que xa hai un acordo deste pleno poñendo data para facelo, polo que están sacando de contesto algo que teñen o compromiso da voceira do grupo político PP de cando se vai a poder levar a cabo no mes de febreiro marzo do ano que ven. Manteñen esa palabra. Non se esqueceron. Saben perfectamente que iso se vai a cumprir. Eles van a votar a favor do inicio deste expediente por consideralo xusto, con independencia das luces e sombras que poida ter calquera veciño sobre un membro desta corporación.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que evidentemente foi alcalde moitos anos, a xente o votou e gañou eleccións. Pero pasa que iso non pode significar que se amparase no transfuguismo, que comprara con determinadas prebendas a uns edís para facerse coa alcaldía para o seu beneficio persoal. Entenden que iso sería branquear este tipo de prácticas pola corporación. En canto ao pleno da súa reprobación poden entender que un día a alguén se lle quenta a cabeza e manifesta o que non quer dicir e emita determinadas expresións. Naquel entón lle pediu perdón ao concelleiro e a corporación acordou reprobalo, estando presente a persoa que vai a instruír o expediente, ao que calificou nese pleno como ineficaz e carente de tacto, talante e talento ante unha enfermidade que non ten cura. Poden entender que nesta parte as declaracións foron pouco ou nada atinadas, das que seguro se arrepenheu, pero o que non ten desculpa á ampararse no transfuguismo para asegurarse o sillón de alcalde. Hai que recordar que foi o propio PP o que no ano 1999 decidiu que o Sr. Martino, Alcalde naquel momento no mandato anterior, deixara de encabezar a candidatura, presentándose cunha candidatura independente, e uns anos despois o volveu a integrar. Eles van a posicionarse por estas razóns en contra.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de nove votos a favor (grupo político PP), sete votos en contra (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Iniciar expediente xustificativo dos méritos e circunstancias, con inclusión de cantas informacións, probas ou dilixencias se necesiten para que os servizos, feitos ou actuacións consten fehacientemente, para a concesión do título de Fillo de Ordes, na categoría de Fillo Adoptivo a Teodosio Martino Martino.

2.- Designar como instrutor do expediente xustificativo, coa asistencia do Secretario Xeral, á concelleira desta Corporación: Susana García Gómez. A cal, unha vez ultimado este, deberá elevar proposta de concesión ou denegación deste título.

6. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 2 de maio de 2023, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

7. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

“O 23 de setembro conmemórase o Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres, Nenas e Nenos. A trata de persoas supón unha violación dos dereitos humanos que ten diferentes rostros como a explotación sexual, explotación laboral, traballos forzados ou o tráfico de órganos. Todas estas manifestacións, estendidas por todo o mundo, son a manifestación máis extrema da pobreza e a desigualdade.

As mulleres e as nenas representan o 71% das vítimas de trata de todo o mundo, sendo a explotación sexual a forma máis común (8 de cada 10 casos). Por iso prostitución e trata con fins de explotación sexual non se poden dissociar. Son dúas caras dunha mesma realidade, que no Estado presenta datos absolutamente inasumibles: España é o Estado europeo con maior demanda de prostitución e o terceiro do mundo; case o 40 % dos homes españois pagaron nalgunha ocasión por manter relacións sexuais, e é tamén un dos principais destinos de tráfico de mulleres no mundo para prostituílas.

Segundo os datos recollidos no "Balance Estatístico 2022 sobre Trata e Explotación de Seres humanos en España" elaborado polo Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e o Crime Organizado (CITCO) no ano 2022 foron liberadas pola Policía Nacional e pola Garda Civil 129 vítimas de redes de trata de seres humanos para a súa explotación sexual, catro delas menores de idade, e no caso das vítimas rescatadas de situacións de explotación sexual, sen a concorrencia de redes de trata de persoas, o número elévase a 435 (10 menores).

Isto reafirma que a prostitución non é un traballo nin unha actividade como calquera outra, o “traballo sexual” non existe e a libre elección da prostitución é un mito, as mulleres prostituídas sempre son as pobres e as vulnerables do mundo, aquí e en todas partes. Cando falan dos dereitos das mulleres prostituídas, en realidade falan dos dereitos dos que fan negocio cos seus corpos, os proxenetas e os puteiros.

Segundo a Fundación Scelles, citada nun estudo do Servicio de Investigación do Parlamento Europeo, a prostitución afecta a entre 40 y 42 millóns de persoas en todo o mundo, das cales o 90% depende dun proxeneta e o 75% ten entre 13 e 25 anos.

O pasado xoves 14 de setembro o Parlamento Europeo aprobou unha Resolución para loitar contra a prostitución na UE, na que se reclama que se descriminalice a este colectivo e avoga por penalizar e sancionar a explotación e aos clientes que soliciten, acepten ou obteñan un acto sexual dunha persoa a cambio dunha remuneración, promesa, subministración dun beneficio en especie ou promesa de beneficio, en liña co modelo dos países nórdicos.

Como sinalou a eurodeputada alemá Maria Noichl: “o noso obxectivo é atopar unha solución europea a un problema europeo que ata o de agora foi ignorado e poñer fin á explotación que só significa diñeiro para outros (...) mentres estea socialmente aceptado que as mulleres están en venda, non poderemos lograr unha verdadeira igualdade de xénero”.

Por iso non podemos mirar cara a outro lado e debemos impulsar as medidas necesarias para rematar coa trata de seres humanos, con especial énfase na que ten fins de explotación sexual, que é a que afecta maioritariamente ás mulleres. A liberdade e a igualdade son incompatibles coa prostitución, unha das formas máis cruéis nas que se manifesta a violencia contra as mulleres que está relacionada coa marxinação, a dificultade económica e a cultura sexista e patriarcal.

Desde o Concello de Ordes asumimos que desde os nosos ámbitos competenciais debemos seguir traballando para dotar de recursos e garantías ás mulleres, nenas e nenos vítimas de explotación sexual.

Así mesmo, queremos recoñecer o traballo de organizacións e colectivos que localizan ás vítimas e as axudan a ter acceso á xustiza, á saúde e á asistencia e protección sociais, evitando que se produzan máis actos de abuso e explotación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A igualdade entre mulleres e homes continuará sendo inalcanzable mentres se compren, vendan e exploten mulleres e nenas, alí onde se regularizou a prostitución aumentou a trata.

Polo tanto, entendemos que para combater a trata de mulleres, nenas e nenos con fins de explotación sexual de maneira efectiva hai que acabar coa prostitución. Hai que abolirla e erradicar a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, defender a dignidade das mulleres e rematar coas redes e as mafias que se lucran explotando ás mulleres, nenas e nenos. Debemos protexer e asistir ás vítimas e concienciar á cidadanía de que é unha forma de escravitude.

A finais do ano 2022 o Goberno galego presentaba o I Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, unha estratexia necesaria para traballar dende Galicia na súa erradicación. O plan contempla toda unha serie de medidas agrupadas en cinco áreas estratéxicas para avanzar na prevención e sensibilización social; na detección, identificación e protección das vítimas; no fortalecemento dos recursos de atención; na investigación e na mellora da coordinación interinstitucional.

Mais é necesario tamén ir poñendo o foco, no marco das competencias autonómicas, na actuación fronte aos proxenetas e prostituidores e estudar cal é o marco legal posible para perseguilos, tal e como xa están facendo noutros territorios. Loxicamente, para isto é preciso obter canto antes un mapa da situación da prostitución en Galicia, algo que contempla o plan galego pero que descoñecemos se xa existe.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista do Concello de Ordes presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes acordos:

1. O concello de Ordes adherirase á rede de cidades/pobos libres de tráfico de mulleres, nenas e nenos destinados á prostitución.

2. A través de ordenanzas municipais, prohibirase a colocación, repartición, divulgación e/ou difusión de publicidade que promova, favoreza ou fomenta o consumo de prostitución e a explotación sexual das mulleres, o mercado da prostitución ao e o turismo sexual.

3. Revisaranse as licencias administrativas municipais concedidas para garantir o cumprimento efectivo da normativa vixente en relación ás actividades desenvolvidas en determinados locais coa fin de evitar que neles se promova a explotación sexual.

4. Estreitarase a colaboración coas organizacións e colectivos que prestan servizos de asistencia ás vítimas de explotación sexual.

5. Impulsaranse, dentro do noso marco competencial, as medidas necesarias para o desenvolvemento dunha estrutura de apoio multidisciplinar para as vítimas de trata e explotación sexual.

6. Contribuirase a xerar conciencia social contraria á compra e consumo de prostitución mediante campañas de sensibilización orientadas a concienciar sobre as consecuencias da explotación sexual e a responsabilidade dos comportamentos individuais de quen acode a ela.

7. O Concello de Ordes insta a Xunta de Galicia a:

7.1. Presentar no Parlamento de Galicia, antes de que remate o actual período de sesións, un informe de seguimento da execución do I Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

7.2. Presentar no Parlamento de Galicia antes de que remate o actual período de sesións un informe con datos e estatísticas actualizadas sobre a magnitude da trata con fins de explotación sexual e a prostitución en Galicia.

7.3. Poñer en marcha actuacións para perseguir as accións de proxenetas e tratantes de seres humanos con fins de explotación sexual que permitan desincentivar a demanda e compra de prostitución, dentro do marco legal e en colaboración con outras administracións.

Nomeadamente:

a) Revisar as licencias administrativas concedidas polas administracións galegas para garantir o cumprimento efectivo da normativa vixente en relación a actividades desenvolvidas en determinados locais e espazos coa fin de evitar que neles se promova ou desenvolva a explotación sexual.

b) Impulsar as modificacións legislativas autonómicas necesarias para traballar por unha Galicia libre de prostitución, garantindo sempre a protección das mulleres prostituídas.

7.4. Pór en marcha de maneira inmediata mecanismos de participación para que a sociedade civil poida denunciar as plataformas en liña ou calquera aplicativo tecnolóxico ou rede social que favoreza ou promova a prostitución”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi rexeitada por maioría de nove votos a favor (grupo político PP), sete votos a favor (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo o seu debate e votación.

Polo Sr. Alcalde concédese unha quenda de intervencións á Sra. García Gómez, para que explique o voto en contra do goberno municipal, que sinala que dende o grupo político PP están de acordo co texto da moción, mentirían se non ratificasen cada punto. A explotación sexual e a trata de mulleres é a escravitude do século XXI. Os gobernos teñen unha responsabilidade fundamental nesta lacra dende o punto de vista da lexislación e da aplicación da mesma. Precisamos lei sólidas e a súa aplicación de xeito efectivo. Vostedes na súa moción falan exclusivamente dende o marco autonómico. A lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero reconece dende o ano 2016 a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual como unha forma de violencia de xénero. Dende comezos do ano 2023 tamén se reconece como unha forma de violencia de xénero a explotación sexual. Recoñecemento que implica que as vítimas da trata teñen acceso a todos os recursos previstos na lei galega. Galicia é referente tamén dende o ano 2010 cun protocolo de actuación institucional sobre medidas de adaptación e prevención, investigación e tratamento das mulleres vítimas de trata cun fin explotación sexual en colaboración coa fiscalía superior. Dende o 4 de agosto o Consello da Xunta aprobou o Plan galego contra a trata de seres humanos con fin de explotación sexual 2023-2024. Piden a comparecencia no Parlamento pero aínda non lle deron tempo, están traballando. Este plan é un documento estratéxico que está elaborado coa participación das unidades que forman parte da Rede galega contra a trata. Dende o Parlamento estase a traballar con esa Rede galega. O plan busca contribuír a un cambio cultural pola plena igualdade de mulleres e homes que desbote todos os estereotipos de xénero imperantes e que estean detrás das actitudes tolerantes ante estas expresións de violencia. Entres as principais medidas está o aumento das inspeccións laborais e administrativas, relacionadas coas licenzas de actividade de establecementos de exercicio da prostitución. O voto en contra da urxencia é por que consideran que mentres en Galicia está a avanzar nesta loita, por parte do goberno do estado os avances son ínfimos, votan de menos isto. O delito de proxenetismo protexe aos menores, persoas con discapacidades e trata de persoas con fins de explotación sexual, non obstante require que para a súa existencia a vítima



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

se atope nunha situación de vulnerabilidade ou que se lle impoña para o seu exercicio condicións gravosas. Necesítase probar esa situación, que non tiña outras alternativas posible, o que fai depender a condena do proxeneta do testemuño da vítima. Dende o seu punto de vista hai que tomar dúas medidas moi importantes. Eliminar estes requisitos do tipo delituoso e non facer depende o axuízamento do delito da declaración da vítima. Outra media necesaria é pechar os prostíbulos, polo que sería necesario incluír esta modalidade de novo no código penal. Esta impunidade deu lugar ao incremento de locais de prostitución. A competencia para todo isto segundo a constitución corresponde ao código penal, a súa modificación é competencia do Estado. A lei do si e si regulou a violencia sexual pero non considerou a trata como violencia de xénero. Existe unha diferenza entre unha vítima de violencia sexual ou de violencia de xénero. É imprescindible crear un marco legislativo estatal que permita loitar contra esta forma de violencia. Ao crer que falta esta solicitude de acordo ao Estado é polo que votaron en contra da urxencia para debater esta moción mentres tanto.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“En novembro do ano 2019, facíase eco nos medios de comunicación que o Sergas asumía unha estratexia de reforzar as ecografías en atención primaria para reducir as listas de espera dos hospitais de Santiago, que o 30 de xuño do mesmo ano tiñan pendentes case 3.000 ecografías.

Deste xeito, anunciábase que os centros de saúde Concepción Arenal de Santiago, A Estrada, Muros, Ordes, Padrón, Noia e Santa Comba, disporían de mais especialistas a partir de aquel entón para efectuar a citada proba diagnóstica.

No centro de saúde de Ordes, levase tempo derivando as ecografías aos hospitais, debido a que o facultativo formado para manexar as ecografías leva tempo de baixa.

Deste xeito, os pacientes do centro de saúde de Ordes, deben desprazarse ata Santiago de Compostela para efectuar a proba, cando se dispón no centro dos equipos precisos pero que se atopan sen utilizar por falta de persoal formado para o seu emprego e para a interpretación da proba diagnóstica.

A parte do que supón para a veciñanza do noso concello o desprazamento e o tempo, débese ter en conta que novamente estase a cargar de traballo aos hospitais cunha proba que se pretendía derivar á atención primaria.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- O Pleno da corporación municipal de Ordes insta á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e ao SERGAS, a levar a cabo as xestións precisas para que no Cento de Saúde de Ordes poidan efectuarse as ecografías sen ter que derivalas aos hospitais, ben sexa incorporando facultativos formados para o seu manexo e interpretación, ou ben formando ao persoal do propio centro interesado en efectuar a citada proba.

2.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, ao SERGAS e aos Grupos Políticos do parlamento galego”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Ribadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están plenamente de acordo en demandar este servizo para o Centro de Saúde de Ordes. Xa noutras ocasións demandaron infraestruturas, equipos e recursos humanos á Xunta de Galicia que é a que ten as competencias sanitarias e é a que debe reforzar urxentemente a atención primaria tamén no noso pobo.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que están mal informados, e sobre todo na base. Existe unha idea equivocada do que supón unha ecografía, sobre todo en atención primaria. Unha ecografía debe interpretarse como unha axuda a un diagnóstico clínico que realiza o médico de familia na súa consulta, pero iso non descarta que en multitude de ocasións o médico te derive á atención hospitalaria a facer cun especialista unha radioloxía, proba de imaxe, ...etc., tamén o que valora en función da súa formación e das súas habilidades realizar ou non a ecografía no centro de saúde. Aínda que non é obrigatorio ter formación, no centro de saúde de Ordes hai máis xente que esa persoa á que vostede se refire, de feito teñen tres médicos de familia formados para facer ecografías. Mañá empezan novamente os cursos de formación, nos últimos catro meses a Consellería de Sanidade estableceu diversos cursos. A formación continua é voluntaria, en Ordes hai persoal que pode facer ecografías, hai ecógrafos. Dende xaneiro 2021 a setembro 2023 no centro de saúde realizáronse 238 ecografías.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que ultimamente non se está a facer ningunha, estanse a derivar a Santiago. Dende que colleu a baixa ese facultativo non se están a efectuar. Ese é o problema do que están a falar na moción, teñen os equipos pero están parados, e a xente ten que ir a Santiago a facer esas probas por que aquí non se lle fan. O que buscan é a solución a esa problemática. Que hai persoal formado, ben, pero o Sergas terá que buscar unha solución para que haxa unha serie de persoas con atribucións para efectuar esa proba. Si a estratexia é derivar dos hospitais esas probas á atención primaria para descargar o traballo, gastáronse os cartos nos centros de saúde e estes están parados, mal asunto. É o que propoñen na moción.

Intervén a Sra. Ribadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que isto parte dun problema que é máis transcendente, que é que á Consellería de Sanidade lle renta moito que o persoal sanitario faga formación voluntaria para aumentar as súas competencias cobrando o mesmo, cunhas condicións abusiva e inaceptables. O problema non é que haxa persoas formadas, senón que non teñen por que asumir máis funcións cando están desbordados pola propia atención do día a día. o honesto sería demandar á Xunta de Galicia persoal suficiente e formado.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que insiste en que ecografías estanse a facer, outra cousa é que o persoal que falou con vostede non está formado e as deriva. Depende do criterio médico. Sra. Ribadas gasto de persoal do goberno bipartito no ano 2009 442 millóns de gasto en sanidade, gasto do PPdeG en 2023 576 millóns, 134 millóns de diferenza. Investimentos vostedes 19,50 millóns, nos 57,90 millóns. Non lle veña a falar nunca máis das deficiencias da sanidade pública.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de nove votos en contra (grupo político PP), sete votos a favor (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do grupo político PP, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“O 15 de outubro de 1977 o Congreso dos Deputados aprobou a Lei de Amnistía que seguiu o principio de reconciliación nacional que guiou a nosa transición á democracia.

A amnistía era unha demanda social e unha necesaria e imprescindible impugnación do ordenamento xurídico da ditadura. Foi un dos instrumentos cos que se puxo punto final á represión que sufriu unha parte da sociedade española e un dos grandes acordos que consolidaron o noso camiño á democracia.

Durante a tramitación da Constitución de 1978 debateuse a cuestión da amnistía, xa que se presentaron dúas emendas para que as Cortes Xerais puidesen ter esa competencia. As emendas foron rexeitadas e, pola contra, aprobouse o artigo 62 que prohibe indultos xerais. É dicir, o perdón -que si existe no noso ordenamento e que está regulado na Lei do indulto-, debe ser sempre individualizado e nunca con carácter xeral.

Nunha democracia europea consolidada, como é a española de 2023, unha amnistía, ademais, atenta contra algúns dos principios básicos do Estado de Dereito como son a exclusividade do poder xudicial para xulgar e facer executar o xulgado, a igualdade na aplicación da lei e a seguridade xurídica. Nin o lexislador nin o poder executivo poden arrogarse a facultade de declarar inmune a un grupo de persoas, borrar os seus delitos e mesmo evitar que sexan xulgados como calquera outro cidadán. Todo iso ademais mentres que tanto o Tribunal de Xustiza da UE como o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos teñen pendente resolucións referidas á cuestión, sobre a que se expón a posible amnistía e que afectan a España.

En 2017 produciuse un intento de insurrección por parte dos poderes públicos de Cataluña contra a orde constitucional. A reacción do Estado de Dereito foi a aplicación do artigo 155 da Constitución e a posta en marcha dos instrumentos penais contra os seus impulsores.

O Tribunal Supremo condenou aos seus principais líderes a penas de entre 9 e 13 anos por sedición e malversación. Algúns dos seus principais responsables fuxiron ao estranxeiro. Desde entón tratan de evitar a acción dos tribunais españois e europeos.

Non foi o único que o fixo. O pasado 5 de setembro Puigdemont condicionou a gobernabilidade de España a, entre outras cuestións, a aprobación dunha Lei de Amnistía que favoreza, entre outros, aos procesados polo referendo ilegal de 2017, en ocasións por feitos dunha violencia extrema.

Non é a primeira vez que se expón esta cuestión. Xa en 2021 se rexistrou unha iniciativa destas características no Congreso e os letrados emitiron un informe contundente contrario á súa tramitación. Ademais, tanto Pedro Sánchez como ministros do seu Goberno, Juan Carlos Campo, Fernando Grande Marlaska e Carmen Calvo, entre outros moitos dirixentes socialistas, afirmaron no pasado a inconstitucionalidade dunha posible amnistía.

Os feitos xurídicos seguen igual, pero cambiaron as circunstancias políticas. Pedro Sánchez, nun intento desesperado por conservar a Presidencia do Goberno, abriuse a que se



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

poida tramitar unha Proposición de Lei. Ademais de supoñer unha inconstitucionalidade flagrante, de novo preténdese utilizar un atallo para evitar os controis de legalidade do CGPJ, a Fiscalía e o Consello de Estado.

O prezo da presidencia non sería só exculpar centenaes de delitos senón deslexitimar o Estado de Dereito e branquear e considerar a lexitimidade da sedición que levou a cabo. En definitiva, un inasumible prezo político para calquera gobernante decente e que a falta de rexeitamento explícito e contundente por parte do Goberno está a causar unha profunda conmoción social.

Por todo iso, o Grupo Popular de Ordes presenta ao Pleno a seguinte proposta de acordos:

1.- Rexeitar a calquera tipo de amnistía ou indulto xeneralizado para calquera grupo da cidadanía, calquera que sexa o seu delito.

2. Considerar que o imperio da lei é a expresión da vontade popular, tal e como establece o preámbulo da Constitución, e compromete a todos os poderes para o seu cumprimento.

3.- Animar aos dous partidos maioritarios a buscar acordos de Estado que eviten que a sociedade española se vexa sometida ás condicións ilegais de partidos independentistas.

4.- Dar traslado destes acordos á Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia primeira e ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, á Vicepresidencia segunda e ministerio de Traballo e Economía Social, ao ministerio de Política Territorial, e aos portavoces parlamentarios no Congreso e o Senado; así como á Xunta de Goberno da FEMP”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi apreciada por maioría de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG), dous votos en contra (grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Ribadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que carece de sentido votar algo que a día de hoxe non existe. Non sabe se teñen algunha información da que non dispoñen. Corresponde tratar esta cuestión no Congreso, hai cuestións directamente relacionadas co Concello de Ordes que deberían ter prioridade. Xa que se lles da a oportunidade hai unha serie de cuestións que merecen ser comentadas. Está moción é unha cortiña de fume ante a investidura fallida de Feijoo. O PP soamente pode apoiarse en VOX. Feijoo está máis preocupado por evitar a formación dun goberno progresista que pola súa mesma aínda sendo designado candidato polo Rei. Non é que Feijoo non vaia a ser Presidente e prefira quedar na oposición por non aceptar determinadas condicións, non nos enganemos. Non o vai a ser por que moitos partidos non queren que a ultradereita determine a gobernabilidade. O pacto PP VOX é inasumible para nos e para moitas formacións políticas. O PNV non está a pedir a amnistía ou referendum pero pecháronlle a porta por que no paquete levaban a Abascal e compañía. Feijoo sabe perfectamente que se non lle conceden a amnistía os que non lle votarán serán VOX. A única motivación do candidato do PP é salvar o seu pescozo político e non correr a mesma sorte que Casado. Soamente así se explica a súa proposta para gobernar dous anos e evitar a crise interna. Por iso esta moción para desviar a atención. Este plantexamento parte dunha omisión importante. O PP, Alianza Popular naquel entón, non apoio a Constitución no Congreso, pediu a abstención no referendum do ano 78.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Tampouco apoiaron algúns dos estatutos de autonomías. Esa é a historia constitucional do PP. É lamentable que se apoien no que é de todos. O PSOE sempre estivo coa Constitución, na súa redacción, no apoio ao referendun e no seu cumprimento. Cando estas siglas gobernan a igualdade está garantida, ampliáanse os dereitos e cúmprese a Constitución. Sempre que as persoas que deste país poñen á oposición empeza a apocalipse da ruptura de España. O referendun de independencia de Cataluña celebrouse no ano 2017, baixo o goberno do PP. O PP necesitou as forzas nacionalistas para gobernar, así se asinou o pacto do Majestic por Aznar e Pujol, con el aumentaron as competencias en Cataluña. A Garda Civil saíu da comunidade, cedese o 30 % do IRPF, aprobouse unha lei de normalización lingüística, pero de todo isto o PP e a dereita mediática non dín nada. Preocúpalles a igualdade pero pactan con VOX poñendo en cuestión a igualdade de xénero e a violencia machista, votan en contra do aborto, do matrimonio entre persoas do mesmo sexo, da eutanasia e non se cansan de recorrer este tipo de leis ante o Tribunal Constitucional. Votaron en contra dunha reforma laboral que acadou a cifra máis alta de afiliados á Seguridade Social da historia. Votaron en contra dun salario mínimo de 1.080 euros. Tamén están en contra da revalorización das pensións por encima do IPC. Así poderían poñer máis exemplos. A cuestión para vostedes non é a igualdade, a mutación constitucional ou o desmantelamento da nación, a cuestión é votar en contra dun goberno progresista que consolide as reformas dos últimos anos con salarios dignos, xustiza fiscal e avances en dereitos e liberdades.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que como ben apuntaba a compañeira do PSOE o PP trae aquí hoxe unha moción para rexeitar unha lei da que nin sequera se sabe se existe, cal é o seu contido, non é ningunha realidade. Non hai ningunha proposta sobre a mesa sobre a amnistía, nin existe ningunha decisión formal sobre o seu posible contido para poder fixar un posicionamento ao respecto. Non entanto o converten no centro da súa maquinaria de propaganda para forzar que nos concellos galegos se debata sobre o que pode acontecer en Cataluña para non ter que debater sobre os verdadeiros temas de relevancia para os galegos. Mentres falamos de Cataluña non se debate sobre a nefasta situación da sanidade, sobre as listaxes de espera, sobre a privatización da sanidade, sobre a privatización dos coidados da terceira idade, todas elas practicadas polo PP na Xunta. Sobre ter triplicado a débeda da Xunta de Galicia e sobre unha crise industrial que o PP non atende, é responsable de que máis de 300.000 persoas tiveran que marchar do noso país nos últimos anos. Elles máis cómodo falar de Cataluña. Mentres o PP pretende tomar posición sobre unha lei inexistente e de contidos políticos e xurídicos descoñecidos, o que si existe e ten forma política e xurídica é unha proposta de reforma do Regulamento do Congreso que si nos afecta ao permitir por primeira vez o uso oral e escrito da lingua galega no Congreso. Iniciativa que contou co voto negativo do PP no Congreso. Utilizan agora o tan manido argumento de que a amnistía non cabe na Constitución, máis como xa ten sucedido esta afirmación é falsa, a Constitución non fala para nada da amnistía, soamente por iso cabe nunha interpretación da norma, por que o que non está expresamente prohibido é perfectamente posible tanto dende o punto de vista xurídico como político. Hai que lembrar que non é a primeira vez que o PP utiliza este argumento. Foi o PP o que considerou que o divorcio non entraba na constitución, que o aborto era inconstitucional, ou mesmo o matrimonio igualitario entre persoas do mesmo sexo foi considerado polo PP como algo alleo á Constitución. Todas normas que recoñecían dereitos e supuxeron avances democráticos que o PP levou ante o TC alegando a súa suposta inconstitucionalidade. Teñan memoria, o PP si defendeu no seu día a amnistía, no ano 2012 no goberno de Rajoy co ministro Montoro á cabeza concedese unha amnistía fiscal, un absoluto privilexio fiscal para as persoas defraudadoras que beneficiaria a políticos e empresarios implicados nas principais tramas de corrupción do Estado. No BNG estamos a favor de chegar a acordos políticos para solucionar conflitos políticos, desxudicializar a política. O BNG non vai a colaborar nesta campaña de propaganda e vai a votar en contra da moción do PP, por que si queren que se debata do que realmente importa á sociedade galega, e si queren que se avance en dereitos, liberdades e democracia.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que non se sabe o que contén por que vostedes son os que non dín nada. O PSOE ten un acordo



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

pero non di cal é, o din vostedes mesmos. Un dos seus dirixentes di que considera grave defender de un día para outro a constitucionalidade desa medida de gracia despois de que o PSOE estivera durante anos e ata o mesmo día das eleccións 23 j dicindo que a amnistía non cabe na constitución. Aos electores o que lles plantexaron o 23 j é que a amnistía non cabía na Constitución. Para min isto se terá que explicar ou aclarar si é que alguén quere dar un cambio de enfoque ou de idea, por que a realidade é que dende o Presidente, goberno en pleno, todos os ministros fartáronse de que non cabía na Constitución. Contestación que se lle daba permanentemente a ERC. Que o que non cabía na Constitución caiba dun día para outro. Isto de entrada é enormemente grave. Para acto seguido chamarlles criminais constitucionais aos que están explicitamente dicindo que teñen un acordo de amnistía. Santiago Abascal é a persoa que nestes momentos está apoiando ao PP, pero a vostedes os apoian Bidlu, os asasinados, que moitas veces xa cumpriron a condena. Os sentan ao seu carón. Tamén a persoas prófugas da xustiza. O Sr. Feijoo acadou na primeira vez que se presentou ás eleccións máis votos que acadarán vostedes con Pedro Sánchez. No xogo democrático o Sr. Feijoo tiña que ser o primeiro proposto polo Rei. Verase o que é a amnistía cando se presente o Sr. Sánchez ante o Rei. Saben cantos representantes tiña o PSOE no momento de promulgarse a Constitución, quen a redactou. Vai a dicirle despois como votou o PP. Falaron da reforma laboral, que foi a peor da historia, cal é o conto dos fixos discontinuos. Para as administracións públicas, fálalle desde a perspectiva do Concello cada vez que un servizo ten unha baixa quen perde son os beneficiarios dos servizos. Falouse de crise industrial, pero quen acabou con Meirama, As Pontes, Alcoa, as electrointensivas, o PSOE, non lle veñan a dicir que foi o PP. A iniciativa multilingüista do Congreso está moi ven pero estase a aplicar antes da modificación do Regulamento da Cámara. O Sr. Sánchez está atrapado polos independentistas o que vai a supor un detrimento na financiación do resto das comunidades autónomas, o que vai a supor un detrimento tamén para Ordes. Falaron da amnistía fiscal do PP do ano 2012, cando houbo tres amnistía do PSOE 1984, 1991 e 2010, sabe cal é a diferenza ente elas. Que co PSOE se pagaron intereses polos cartos escondidos nos caixóns a través de letras e co PP se cobraba o 10% de penalización e despois de facer isto presentaron unha lei antifraude que incrementaron as penas para os defraudadores fiscais, cousa que co PSOE se rebaixou o delito de malversación. Digan que non queren votar moción a favor, pero non lle fagan aquí o debate do estado da nación por que este non é o sitio para facelo. A lei de amnistía si que lle preocupa.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Ribadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que na Constitución non existe nada que prohiba a amnistía, no hipotético caso de que unha lei de amnistía se propoña correspóndelle ao TC pronunciarse sobre esta cuestión. Non lle sorprende que lle saquen outra vez o slogan da súa campaña electoral, sacan a Bildu, acúsannles de pactar con asasinados. O PSOE nunca pactou con Bildu, chegou a acordos puntuais para sacar leis adiante, que sempre se encontran co voto en contra do PP. Non lles da reparo ningún verse apoiados por VOX, incluír persoas condenadas por violencia machista en cargos públicos. Os contratos fixos discontinuos so contratos como calquera outro tipo de contrato laboral. As persoas deste país foron moi claras votaron progreso, para iso diferentes forzas políticas teranse que sentar e chegar a acordos por que vivimos nun país plural diverso. O PP fai moito tempo que deixou de entender a España actual. Débense aos intereses da maioría da poboación e por iso van a votar en contra.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se lle di que non se faga aquí o debate do estado da nación, pero si presentan unha moción algo terán que dicir, que pretenden, que levanten a man a favor de todo o que traian. Precisamente este é un espazo para debater diferentes iniciativas e expor os argumentos que cada formación teña. O PP promoveu unha amnistía fiscal e cobraban un tanto por cento de penalización, pero aos defraudadores saíalles a devolver. Segue sendo unha amnistía fiscal. Vostede no está en



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

contra do uso do galego, pero o seu grupo si. O que diga persoalmente, ten que responder das actuacións do seu grupo político no Parlamento español. Non sabe os contidos a amnistía, tampouco o BNG. Falou dos problemas da industria, pero dende o BNG propuxeron a tarifa eléctrica galega para reducir os custes e facer máis competitiva este tipo de empresas e constantemente foron rexeitadas por vostedes. Hai varios responsables. Están a darse voltas ao mesmo. Mentres se fala disto non se fala doutras cousas. Este é un debate que ten que darse no foro que ten que darse que é o Congreso dos Deputados non un humilde pleno dunha corporación municipal como é o Concello de Ordes. Reiteran que a súa posición por todas estas cuestións que veñen de expoñer é en contra.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que os Pais fundadores da Constitución española debateron a amnistía, xa o indica a moción, presentáronse dúas emendas para a súa aprobación e non se admitiron. Co cal efectivamente a Constitución non permite a amnistía. Non é solo lela, tamén interpretala. Os representantes do PSOE e do PP nas constituíntes foron os mesmos, dos sete constituíntes o PSOE tivo un e o PP tivo outro. Dos dezaseis deputados en Cortes que tiña AP naquel momento votaron a maioría a favor da Constitución, cinco en contra e tres abstencións. Non lle fale de que non pactan con EH e so chegan a pactos puntuais, por que en Navarra en agosto tiveron un goberno con EH Bildu. Cando lle escriban os textos comproben.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de nove votos a favor (grupo político PP), sete votos en contra (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo.

1.- Rexeitar calquera tipo de amnistía ou indulto xeneralizado para calquera grupo da cidadanía, calquera que sexa o seu delito.

2. Considerar que o imperio da lei é a expresión da vontade popular, tal e como establece o preámbulo da Constitución, e compromete a todos os poderes para o seu cumprimento.

3.- Animar aos dous partidos maioritarios a buscar acordos de Estado que eviten que a sociedade española se vexa sometida ás condicións ilegais de partidos independentistas.

4.- Dar traslado destes acordos á Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia primeira e ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, á Vicepresidencia segunda e ministerio de Traballo e Economía Social, ao ministerio de Política Territorial, e aos portavoces parlamentarios no Congreso e o Senado; así como á Xunta de Goberno da FEMP.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- O pasado xoves 24 de agosto publicábase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a modificación do prezo público pola prestación de servizos na piscina municipal Iván Raña comunicándose así o incremento das contías das diferentes tarifas e inscrición (matrícula).

Por outra banda, a oferta de actividades viuse reducida. Un exemplo é a actividade de “aquagym” que non se impartirá os venres como se viña facendo en períodos anteriores.

Ademais, soamente poden ter acceso ao bono familiar os cónxuxes excluindo de dita posibilidade a persoas conviventes. Debemos lembrar que a condición de convivente é suficiente, hoxe en día, para a obtención de permisos e licenzas laborais respectan así a diversidade de modelos familiares existentes na nosa sociedade.

A Constitución Española, norma fundamental do Estado, recolle no seu artigo 43 que os poderes públicos deben fomentar o deporte como medida de protección á saúde.

Entendemos así que a oferta deportiva a prezos reducidos é un bo mecanismo de promoción da saúde, especialmente naquelas persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade económica.

É preciso citar que as instalacións da piscina municipal Iván Raña non sufriron modificacións nos últimos tempos a pesares do seu visible deterioro. Tampouco se realizou renovación ou incremento de material dirixido a uso deportivo.

Ademais, as salas son reducidas en relación á cantidade de persoas que frecuentan as instalacións. Isto tradúcese nunha “masificación” evidente, sobre todo, durante as últimas horas da tarde.

Expostos os motivos anteriores, dende o PSdeG-PSOE cremos que o incremento do prezo pola prestación de servizos na piscina municipal Iván Raña é unha medida inxustificada que dificulta o acceso ás actividades deportivas da poboación.

Polo que, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Sr. Alcalde:

Reducir as contías das diferentes tarifas e inscrición (matrícula) recuperando os prezos públicos anteriores.

Posibilitar o acceso ao bono familiar ás persoas conviventes sen necesidade de ser cónxuxes.

Recuperar a oferta e horarios das actividades de períodos anteriores.

Intervén o Sr. Alcalde, que lle aclara os datos do informe que se fixo con motivo da última modificación do prezo público que levaban sen actualizarse moitos anos. Os gastos totais da instalación ascenden a 542.000 euros, os ingresos cos prezos públicos anteriores daban lugar a unas perdas de 243.000 euros, cos novos prezos públicos son 178.000 euros, cuns ingresos de 364.000 euros, so o 67 % do custe se financia con estes prezos públicos, o outro 33 % hai que financiarlo. No ano 2016 o balance de ingresos e gastos estaba equilibrado. No ano 2015 a piscina deu unhas perdas de 28.000 euros. No ano 2016 equilibrouse en 320.000 euros, gracias a medidas de aforro enerxético. As diferencias que se deron a partir desa data, gastos de conservación das instalacións 2015 17.400 euros, na actualidade 37.3000 euros, consumo enerxético 2015 30.000 euros, 2022 80.700 euros, gasto de persoal 2015 172.000 euros na actualidade 327.000 euros. Como sabe o prezo público debería compensar o gasto da



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

instalación como establece a lei reguladora das facendas locais. Con estes datos ten que entender que a día de hoxe non se poden cuestionar estas tarifas, por que terían que ser moito máis altas do que están aquí. A día de hoxe hai máis actividades das que había no ano 2015, pode facer unha comparación. Hai máis horas de apertura da instalación despois da demanda social, unha hora adicional os domingos na apertura e na hora de peche. A partir do mes de outubro vai a recuperarse a clase de aquagym os venres. Incidir no déficit da instalación, o incremento brutal do prezo da enerxía, aumento dos gastos de persoal. Investimentos 452.000 euros en seis anos, polo que non pode dicir que a piscina non está atendida, fixéronse medidas nun sistema de ACS por pellets, renovación das salas, dos aparatos do ximnasio. Datos que pode corroborar. É unha instalación cunha antigüidade de máis de vinte anos que require unha actuación máis en profundidade, para a cal podemos demandar xa dende aquí o apoio da Deputación Provincial que foi a que executou esta instalación no seu día. Hai xa uns anteproxectos feitos pola asistencia técnica cuns orzamento de 800.000 euros, para acometer unha renovación importante. En relación co acceso das persoas conviventes iso require unha modificación da ordenanza que non van a comprometer a través dun rogo sen unha previa análise cos técnicos. Agradece o rogo.

- A veciñanza de Santa Cruz de Montaos manifestou ante este grupo político a súa preocupación pola falta de visibilidade no cruce entre A Chan e Sobreira. Os condutores indican que se ven na obriga de acceder á vía co vehículo para gañar visibilidade co risco que iso implica. Tal é así, que durante este ano, xa se teñen producido accidentes na zona. A situación agrávase durante as épocas do ano nas que as cunetas permanecen sen limpar. Ademais, existe unha parada de autobús nese lugar.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se coloquen espellos de tráfico para aumentar a visibilidade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que estás cuestións sempre se atenden todas, pero é necesario que para outras ocasións remitan un plano coa ubicación para trasladar para informe pola policía local. Tómase en consideración.

- O paso de peóns situado diante da igrexa de Beán está sen pintar polo que é difícilmente visible para os/as condutores aumentando así o risco de atropelo.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se proceda ao pintado do paso de peóns situado diante da igrexa de Beán.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pide desculpas por que a previsión era telo pintado cando se fixo o arranxo dende a Ponte ata Vilasuso quedou esquecido pola empresa que fixo os traballos, xa se lle deu traslado á Brigada municipal de obras no día de onte.

- A veciñanza de Pereira trasládanos o seu malestar polo deterioro da pista situada dende Camiño Loudiño a Soutozar.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se proceda ao arranxo de dita pista coa maior brevidade posible.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta obra xa está contratada, forma parte do POS+ 2023, executarase no prazo establecido.

- O taboleiro de anuncios da parroquia de Beán atópase en mal estado, dificultando a publicidade de actividades socioculturais, festexos, xuntanzas...etc. Outras parroquias, carecen deste medio coma no caso de Mercurín.

Consideramos que a presenza dos taboleiros de anuncios son unha boa canle de difusión para a veciñanza.

Solicitamos ao señor Alcalde:

A instalación ou arranxo dos taboleiros de anuncios en cada un dos locais sociais das parroquias de Ordes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que en Mercurín non está no local social, está a carón da Igrexa, está un pouco desprazado, o ideal é que estea preto do local social. Tómase en consideración e verase o que se pode facer.

- O local social de Barbeiros atópase nun estado avanzado de deterioro. Como se pode apreciar nas imaxes a pintura do teito cae ao chan por mor das humidades. Dende o PSdeG-PSOE consideramos este un claro síntoma da falta de dinamización e mantemento deste tipo de instalacións.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se realicen tarefas de mantemento no local social de Barbeiros (pintado de paredes e reposición das pezas dos sanitarios) así como a procura dun óptimo illamento da instalación (cambio de ventás e portas) para aumentar a eficiencia enerxética e a conservación do mobiliario.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a falta de dinamización non lla pode comprar. Nos últimos oito anos Lesta, Mercurín, Poulo, Guindiboo, Bailia, Leira, Pereira e Buscás. Se mira programa 2023-2027 está incluído Barbeiros, espera cumprir con ese compromiso.

- Varias persoas usuarias da piscina municipal Iván Raña queixanse da falta de ventilación dalgunhas salas dirixidas a actividades. Isto dificulta a práctica de exercicio nos días máis calurosos do ano, especialmente naquelas actividades de alta intensidade física.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se dote de sistemas de ventilación ás salas destinadas á realización de actividades deportivas.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que sistema de ventilación si que hai, houbo un problema na sala pequena que quedou arranxado a finais da semana pasada.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- A intersección da Rúa do Paraíso coa Rúa dos Lagartos precisa repoñer o espello de tráfico xa que actualmente carece del aumentando así o risco de sinistros.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se repoña o espello de tráfico do cruce da Rúa do Paraíso coa Rúa dos Lagartos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ese espello existiu cando a prioridade era na Prolongación dos Lagartos na parte da Xunta. Dende que a estrada é de titularidade municipal na parte con dirección á rúa Paraíso que pertence á Deputación cambiouse o sentido de xiro. Se consideran que hai ten que seguir habendo un espello a quen lle corresponde a súa colocación é a Deputación Provincial, veremos a súa influencia, se queren o concello mando o escrito deste rogo. A maiores a ver se fan o posible para que coloquen a balaustrada en dirección á Pinguela, reclamada dende abril de 2022.

- Varios veciños da Rúa de Galicia amosan o seu malestar pola ausencia de iluminación. Tal e como se pode apreciar na imaxe axuntada, non existe ningún punto de luz pública que permita circular con seguridade durante as noites. Debemos lembrar que, no mes de maio, produciuse un roubo na oficina de emprego, sita na mesma rúa.

Dende o PSdeG-PSOE defendemos que a iluminación é un servizo básico para a veciñanza e, ao mesmo tempo, unha importante medida disuasoria para a prevención de feitos como o citado anteriormente.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se fagan as xestións necesarias para dotar á Rúa de Galicia de iluminación pública.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a rúa de Galicia ten iluminación, durante os meses de xuño e xullo cando se acometeron as beirarrúas do edificio debeuse picar as acometidas do tendido que estaba soterrado o que provocou un corte na luz no medio da noite polo menos tres ou catro veces. A día de hoxe a urbanización rematou, cambiouse o cableado e non volveu a producirse ningún corte. Non hai constancia de ningunha outra problemática nesta zona.

- As escaleiras que se atopan ao carón do edificio do Concello de Ordes presentan roturas que poden xerar caídas das persoas viandantes tal e como se pode apreciar na foto anexada

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se repare o paso deteriorado das escaleiras.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa está reparado dende o día 10 de agosto.

- Varios veciños amosaron o seu desagrado pola inexistencia de baños públicos durante a celebración das festas de Ordes.

Ademais, os/as hostaleiros/as de Ordes quíxanse por ter que asumir ese servizo e reparar os desperfectos xerados polo uso masivo dos sanitarios.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Debemos lembrar que o Concello de Ordes licita a barra de bar durante as festas e, polo tanto, debe responsabilizarse da presenza de baños.

Durante as festas celebradas nas parroquias tampouco existe tal servizo.

Dende o PSdeG-PSOE consideramos necesaria a instalación de baños públicos tanto durante as festas de Ordes coma no resto de parroquias para manter a salubridade das zonas, aumentar a comodidade das persoas asistentes, respectar aos nosos hostaleiros e apoiar ás comisións organizadoras das festas.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se proceda á instalación de baños públicos durante a celebración de festas e outros eventos multitudinarios, tanto na vila coma nas parroquias.

Intervén o Sr. Blanco Viqueira, concelleiro delegado de Cultura, que sinala que o concello saca a licitación a explotación dunha barra de bar no espazo público dende o ano 2019, non é para prexudicar aos hostaleiros, senón para axudar a asumir o custe das festas e que á súa vez estas sexan da maior calidade posible. Oxalá os sectores produtivos deste concellos e implicasen na súa organización como fan noutros concellos. A licitación aportou este ano 24.000 euros, o que posibilitou que a axuda do concello fose de 84.000 euros. O custe das festas no mes de agosto vaixe a máis de 130.000 euros. Moitos dos veciños, hostaleiros, comerciantes e algún dos concelleiros presentes e residentes na Vila non colaboraron a día de hoxe coas festas patronais de Ordes. Como integrante da Comisión de Festas é imposible para eles asumir o custes destes baños. Son conscientes da incongruencia e reparos da súa imposición ao adxudicatario da barra de bar, cando non é o único con negocio no entorno da festa. Imposible a súa asuncións coas condicións e dimensións necesarias para un evento público tan multitudinario que se desenvolve no centro da Vila, no entorno da Alameda, na propia N-550. Para poder garantir o seu adecuado mantemento e evacuación á rede pública de servizos a súa ubicación lóxica sería a súa colocación na calzada, no mesmo epicentro da festa. Ven isto lóxico. Existiría debate se non existise o bochinche. Se como integrantes da corporación municipal ven a forma de que a xente apoie máis, as portas da Comisión das Festas están abertas para calquera persoa que queira colaborar coas Festas. A conta da Comisión está aberta os 365 días do ano para recibir aportacións.

- Durante o mes de setembro anunciouse, por parte do Concello de Ordes, a oferta de actividades culturais e deportivas.

Este grupo político puido comprobar que a maior parte das parroquias carecen de actividades véndose a veciñanza obrigada a desprazarse á vila para poder participar nelas.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se estenda a oferta de actividades polos distintos locais sociais das parroquias de Ordes contemplando que dita oferta se adapte a todos os grupos de idade e estudando as preferencias da veciñanza.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que hai un erro no rogo non é na maior parte, so en catro. Todas as asociacións son coñecedoras de que si se fai un grupo mínimo de oito persoas pódese estudar realizar unha actividade. A cuestión é ter un grupo para organizar unha actividade e utilizar o local social sen problema.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Varias das duchas situadas nos vestiarios da piscina municipal Iván Raña atópanse deterioradas. Algunhas non aportan a cantidade de auga necesaria para ducharse e outras fan que a auga escorregue polas paredes. Isto xera problemas durante as horas de maior afluencia das instalacións.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se repare a totalidade das duchas dos vestiarios da piscina municipal Iván Raña.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que están pendentes de que cheguen os rociadores das duchas que están solicitadas dende comezo do verán.

- A veciñanza de Mercurín traslada o seu malestar polo escaso mantemento das pistas forestais da parroquia. A falta de desbroce e de mantemento das propias vías fai que estas sexan intransitables, inclusive, polos tractores.

Moitas persoas precisan usalas, especialmente aquelas que se adican a actividades agrogandeiras. Ademais, advirten que coa chegada das choivas do outono a situación empeorará notablemente.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se realicen tarefas de desbroces e mantemento das pistas forestais de Mercurín.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que tamén chega tarde, xa está executado e facturado, incluída Lesta.

- Os veciños da aldea de O Mendo (Pereira) coméntannos que se están a producir problemas de filtración de auga nunha construción causadas por deficiencias na vía pública. Como se pode apreciar na foto, a cuneta da parte máis alta está chea de maleza. A auga cruza a pista para o outro lado e entra nas dependencias dos veciños.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se proceda a limpar a cuneta para evitar acumulación de augas pluviais.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foi pedido onte o informe á policía local para ver si é responsabilidade municipal ou dos titulares das fincas por deslexo ou mal laboreo das propiedades. Do que resulte darase traslado.

- Varios veciños quéixanse de que no inmobile situado na intersección Camiño do Vilar coa rúa da Igrexa hai unha praga de ratas. Lembramos que este tipo de colonias poden supoñer un problema de saúde pública pola facilidade de transmisión de enfermidades aos humanos.

Solicitamos ao señor Alcalde: Que se realicen as actuacións pertinentes para solucionar o problema



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que están feitos os informes pola policía local das edificacións en estado de abandono. En breve iniciaranse os expedientes. Se hai ratas hai que chamar ao concello e darase traslado á empresa de control de pragas. Tómase en consideración.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, concelleiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na zona do Mendo (Pereira) no cruce existente subindo cara a Cercedo, os tubos de drenaxe da rede viaria cara a pista da concentración parcelaria atópanse parcialmente obstruídos e as gabias cubertas pola maleza o que dificulta a correcta evacuación da auga e o conseqüente deterioro do firme.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda á limpeza dos drenaxes e gabias para mellorar a evacuación da auga.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que insiste que da máis a sensación dunha situación de desleixo polos propietarios pola colocación de tubos sen o diámetro adecuado. Vamos a esperar ao informe da policía local.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, concelleiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na rúa do Mirón existen tres locais de hostalería que non dispoñen nas proximidades dun colector de vidro para poder depositar as botellas consumidas.

Por outra banda, varios colectores de vidro existentes no Campo da Feira, non dispoñen do mecanismo para enganchar e envorcar os carriños nos que os locais transportan as botellas ata o colector, facilitando así o traballo.

Tamén facemos constar que hostaleiros/-as, indicáronnos que o mecanismo existente no colector de vidro do fondo do parque municipal Félix Rodríguez de la Fuente, non funciona.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A dispoñer dun colector de vidro nas proximidades da rúa do Mirón, dotado do correspondente mecanismo para facilitar o envorcado das botellas.

A dotar do citado mecanismo aos colectores de vidro do Campo da Feira que carecen del, así como aos existentes nas proximidades doutros locais de hostalería.

A levar a cabo unha revisión dos mecanismos instalados nos colectores de vidro, para comprobar o seu axeitado funcionamento e/ou efectuar as reparacións ou reposicións precisas.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que no primeiro punto farase un estudo coa policía local para ver cal é a mellor ubicación para colocar o colector de vidro. No segundo punto, vai a ser solicitado a través da empresa xestora



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

de residuos. O terceiro, a revisión fíxose no verán, avisarase á empresa concesionaria para ver se hai algún problema puntual nese colector.

Intervén a Sra. Martínez Veiras, concelleiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No presente curso escolar, no CEIP Mesón do Vento estudan cinco nenos e nenas con necesidades especiais, dous deles que precisan un alto grao de atención.

A pesares de que desde o centro demandaron a dotación de dous coidadores, a petición foi denegada por parte dos responsables da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, alegando que se cumpría o cociente (en castelán "ratio") cun só coidador.

Por outra banda, desde o pasado xoves 21 de setembro, o coidador que teñen asignado atópase de baixa, sen que aínda fose incorporada unha persoa que o substitúa.

Desde o BNG amosamos todo o noso apoio á comunidade educativa do CEIP do Mesón do Vento nunha demanda que consideramos xusta, tendo en conta a existencia de alumnos que precisan unha atención axeitada, por encima de calquera cociente que o goberno galego queira impoñer automaticamente sen analizar os por menores de cada caso.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A demandar á Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional da Xunta de Galicia, que de maneira urxente se cubra a baixa do coidador no CEIP Mesón do Vento.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que coñece o problema dende o minuto un, está en contacto co Centro, coa Xefatura Territorial, coa Inspección defendendo a necesidade de que se contrate o segundo coidador, persoal auxiliar. A maneira máis efectiva é facelo dende o primeiro momento sen andar burocratizando a través de calquera comunicación formal a través do Consello Escolar Municipal. O consideran necesario e están loitando para a súa consecución. A segunda coidador entrou nunha baixa que non se pode cubrir dun día para outro, so estivo tres días.

Intervén o Sr. Candal Fariña, concelleiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A feira da Adina é un evento con moitos anos de historia, chegando a ser no seu momento unha das mais famosas e importantes da provincia, resultando un motor económico para o Mesón do Vento e a parroquia de Ardemil.

Resulta duro a día de hoxe comprobar no que se converteu a feira da Adina, só cun par de postos de venda e case sen gando. Incluso algún día chegouse a dar o caso de non acudir ningún tendeiro nin gando, como ven de acontecer o pasado sábado 2 de setembro.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Para recuperar a feira da Adina, débense acometer desde o concello diversas actuacións de promoción, dinamización e adaptación a outros formatos que atraian á xente. Un comezo pode ser anunciála axeitadamente.

Desde o BNG, coñecedores da confusión que existe na xente á hora de saber en que datas se celebra a feira, propoñemos a instalación de paneis informativos nas entradas ao Mesón do Vento polas estradas N-550, AC-523 e DP-2405, indicando que a feira da Adina celébrase o sábado anterior ao 1º e 3º domingo de mes.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que o concello de Ordes instale os citados paneis informativos nas entradas ao Mesón do Vento, tramitando as autorizacións precisas nas administracións titulares das estradas N-550, AC-523 e DP-2405.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que están de acordo en que a Feira da Adina non sexa o que foi é un problema para o Mesón. Para poñerse en situación. Facer unha feira como esta coa normativa sanitaria vixente para os tratantes é un handicap negativo no momento que nos atopamos. Cambiar a feira do sábado para outro día é algo a valorar dende o punto de vista gandeiro no caso de que haxa posibilidades de que se poida ampliar a posibilidade de que en lugar de ir a outros lugares veñan ao Mesón. Habería que facer un cambio importante no concepto do que era a Feira da Adina de toda a vida. A prestación dos servizos sanitarios veterinarios ese sábado condiciona bastante. En canto á promoción e dinamización nos anos 2016, 2017 e 2018 promovéronse feiróns, diferentes actividades e non houbo unha resposta social e do mercado que lles houbera gustado, implicouse boa parte do tecido produtivo do Mesón do Vento. Durante o ano 2022 e despois de falar con diferentes feiras da provincia da Coruña, foron convidados 152 vendedores de diferentes sectores para a parte de mercado, o problema é o de sempre teñen unhas rutas e uns compromisos adquiridos dende fai moito tempo, a pesar de ser a custe cero, no aplicación de taxa polo uso do dominio público, non están dispostos a vir a día de hoxe. Poderían vir de maneira puntual, pero non o ven nada claro. Aceptan o rogo, van a facer as solicitudes, haberá que facer un deseño, cunhas dimensións e despois mandarán as ubicacións que consideren axeitadas. Como veciño da zona agradeceríalle que lle indique as ubicacións que considera axeitadas para facer a solicitude xunto cun informe da policía local das tres estradas. En canto promoción e dinamización chegou o momento que dende a Deputación Provincial, acaban de crear unha nova área de promoción turística, artesanía, comercio e calidade alimentaria, sendo un dos seus cometidos por en valor unha situación como esta, pídelles que a través dos programas de promoción de produtos agrícolas, programa de mercado rural, que fagan un esforzo en Ordes, como acaban de facer en Catoira. Farán a petición e verán a resposta desa área da Deputación Provincial que dirixe un compañeiro do BNG.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que agradécelle que fale así. Pero hai un grupo de goberno, vai a colaborar con vos todo o que poida. Quen ten que promocionar a feira para ben ou para mal é a xente que ten unhas dedicacións, cobran por iso e teñen máis tempo que el. Non lle vota a culpa. Píde máis colaboración polo concelleiro que é responsable. Soliciten á Deputación que terán o seu apoio.

- Na estrada que entra para o Centro Escolar hai moito tráfico, existen dificultades par saír das vivendas existentes á vía pública.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A colocación dun espello nesta vía pública.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que sempre se atenden todas as demandas, pedirase informe á policía local. O estudo da policía local di dirección única, a colocación de badéns non garante a seguridade, cando se lle trasladou aos veciños non a quere ninguén. Se cun espello se garante a seguridade, non hai ningún tipo de problema.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Nas festas estanse a licitar por parte do concello de Ordes, a ocupación de vía pública e explotación de barras de bar, mais en ningún caso se está a producir unha dotación de aseos portátiles para evitar na medida do posible que a xente que acude á festa, remate facendo as súas necesidades na vía pública, cos conseguintes cheiros cos que a veciñanza se atopaba pola mañá.

Desde o BNG seguimos a insistir na necesidade de dotar ás festas duns urinarios e dunhas cabinas de aseo portátiles, como xa se acostuma a ver en diversas festas ou eventos ao aire libre doutros concellos, mais en Ordes segue a prescindirse desta solución.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A dispor nas festas dunha dotación mínima de aseos e urinarios portátiles, acorde á magnitude do evento, que permitan ás persoas asistentes dispor dun espazo onde poder facer as súas necesidades.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este rogo xa quedou respostado polo concelleiro delegado de cultura que ao mesmo tempo é membro da Comisión de festas. Tamén coa resposta que se lle deu en maio de 2022 de cal é a situación e problemática que temos coa ubicación das festas patronais entre a Alameda e a N-550.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pide facer unha matización á resposta anterior do concelleiro delegado de cultura. Os urinairos portátiles tamén hai a opción de que non teñan que desaugar, teñen uns depósitos que despois haberá que baleirar, sen ter que conectalos á rede de saneamento.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que incluso os autónomos se recomenda que estean situados a carón dos servizos de evacuación, en ningún caso aconsellan colocalos na Alameda e habería que instalalos no epicentro da festa. No seu momento se fixo ese plantexamento e se pediu prezo, que era bastante disparado, entorno a 9.000 euros. Son para cinco días, para un máximo de cincuenta persoas un, e o espazo que ocuparían no epicentro da festa. Foi comentado pola comisión cos representantes dos comerciantes. Non o ve lóxico nin fácil a súa colocación. Se se desprazan para o parque da Constitución o rúa entreparques é unha situación totalmente distinta, pero xa non están alí. Poñelos na festa ten a súa problemática e complexidade. A vostedes pode parecerlles lóxico a outros non tanto. Procuramos escoitar a todos.

- Na contorna do Centro de Saúde e do PAC de Ordes, existen unicamente dúas prazas de estacionamento accesibles, situadas nas proximidades do acceso ao centro de saúde.

Nas proximidades da zona de acceso ao PAC, non existen prazas de estacionamento accesibles delimitadas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Cabe lembrar que estamos a falar dunha zona especialmente sensible, onde resulta precisa unha dotación maior deste tipo de estacionamentos.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A incrementar a dotación de estacionamentos accesibles na contorna do centro de saúde e do PAC.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración, require un estudo de tráfico pola policía local e verase o resultado.

Por último, polo Sr. Alcalde ábrese una quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- Durante xuño deste ano, a Xunta de Galicia anunciou a autorización administrativa para a construción de novos parques eólicos na Comarca de Ordes. No tocante ao concello de Ordes existen dous proxectos promovidos por Green Capital Power: Monte Inxerio e Solpor.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Prevese algunha actuación concreta por parte do goberno municipal para apoiar á veciñanza que se ve ameazada pola construción destes novos parques?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que do parque Inxerio vense falando dende o ano 2006 e do parque Solpor dende o ano 2013, non son nada novo. A resposta xa se matizou aquí outras veces velar polo cumprimento da normativa vixente e igualdade de trato para toda a veciñanza. Este é o criterio co apoio dos servizos urbanísticos e xurídicos do concello. Formuláronse alegacións, recursos e seguírase a traballar na liña do que digan os técnicos municipais de como debe ser a tramitación destes expedientes. Résultalle chamativo que fale destes dous parques e se esqueza do de Meirama que ten unha importante afección na zona da Raposeiras e da Veira. Aí si que se fixeron alegacións e se constatou que algunha das palas non garda os 500 m á vivenda máis cercana. Cando se traen estas preguntas, tamén son importantes as que non estando neste municipio afectan á poboación do concello de Ordes, e no caso do parque de Meirama para nada á poboación de Cerceda. Dende o concello non van a dedicarse a enganar á veciñanza coas tramitacións ou con asociacións que o único que se ve é que están a promover un interese un pouco escuro conforme se achegan ás vindeiras eleccións autonómicas. Hai certa información que se lle está a trasladar á veciñanza que non considera xusta e equitativa. Unha vez que os veciños veñen ao concello e lle contan o que vostedes contan nesas reunións queda bastante sorprendido de que sexan capaces de dicirle iso contra o traballo do alcalde e dos técnicos, que descoñecen e sobre o que nestes anos nunca viñeron a preguntar. Primeiro teñan a información e despois sexan capaces de dicir alí o que se fixo ou deixou de facer por parte do goberno municipal. Non se boten exclusivamente a falar por intereses políticos e partidistas.

- Segundo puido saber este grupo político, o Servizo de Atención Temperá de Ordes atópase sen unha das logopedas que conforman o SAT. Aínda que este é un servizo



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

mancomunado, acoden a el moitas familias do concello de Ordes. A ausencia das intervencións de logopedia poden causar notables estancamentos na abordaxe dos trastornos da comunicación e, inclusive, regresións. Ademais, durante estes meses de inicio escolar prodúcense varias derivacións por parte de pediatría para realizar valoracións e intervencións.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Por que non se substitúe a logopeda do SAT?.

¿Cando se prevé a incorporación da persoa que preste o servizo de logopedia?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social e Presidenta da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ordes, que sinala que se está a tramitar o procedemento de substitución, levan poucas semanas. Maña son as entrevistas finais.

- As persoas usuarias da piscina municipal Iván Rañá manifestan que, durante os cursos de natación da tempada 2023, se produciron reiterados cambios de monitores e se deron situacións de desatendemento aos nenos e nenas que se atopaban no vaso por parte do persoal responsable. Ademais, chegado o fin do curso, varios/as menores non recibiron o correspondente diploma.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Por que se produciron estas situacións?.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que esta situación veu producido por unha baixa laboral, no último trimestre do curso é moi difícil encontrar un monitor que poida substituír todas as horas. Foi unha situación illada, foise cambiando o monitor e considerouse por parte dos monitores que estiveron facendo esta labor que non estaban cualificados para cualificar a estes nenos, non tendo moito xeito darlles un diploma no que se especifican as destrezas adquiridas se pasaban de curso.

Intervén o Sr. Candal Fariña, en representación do grupo político BNG, que formula a pregunta seguinte:

- Hai escasas datas, unha empresa estivo preguntando por terreos nas Brañas de Orellán.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Ten o goberno municipal constancia desta situación?.

Se é así, ¿está vinculado este movemento a algún tipo de proxecto eólico, algún proxecto relacionado cunha planta de hidróxeno verde ou outro tipo de proxectos que poidan afectar de xeito significativo á veciñanza?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o primeiro e que ten que dicirlle a que se refire con escasas datas e de que empresa está a falar se o sabe.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que fai quince días falou cos veciños do Mesón propietarios das fincas, sabe que a empresa é Naturgy. Non sabe se lle valen estes datos. Pero segundo lle contaron xa fai meses que andaron por alí.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a iso ten que responderlle non. Á única consulta que se fixo no departamento de urbanismo do concello foi en relación a fotovoltaica, en diferentes puntos do termo municipal, non so nesa zona que vostede di, parcelas de Lesta, Parada, Leira, Mesón, Villamayor, Barbeiros, Buscás. Foi a empresa Greenfield, data 31/03/2023, ás 10:00 nunha videoconferencia a través do grupo Prodiel. Plantexan proxectos de fotovoltaica de diferentes xigavattios no termo municipal de Ordes. Dende esa data non houbo ningún outro contacto co departamento de urbanismo. Proxectos de enerxía eólica, hidróxeno verde, Naturgy e demais non ten constancia. Estivo presente na reunión polo seu coñecemento do territorio. Unha das preguntas que fixeron era se considerábase no caso de plantexar un proxecto no futuro era se esas parcelas tiñan un especial aproveitamento gandeiro, que no caso de ser así xa non plantexarían ningún proxecto. Déuselles a súa opinión nas zonas nas que a día de hoxe si hai ese especial aproveitamento gandeiro. As propostas nas parroquias non son nada concreto.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que entende que o concello de abriu as portas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non lle abriron nada por que non fixeron absolutamente nada. O único que fixeron e preguntar e a súa obriga e responder.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que pregunta se lle dixo cal era o sitio idóneo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non lle dixo cal era o sitio idóneo, é un liante.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que estarán vixiantes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este tipo de instalacións fanse a través dunha tramitación autonómica da que serán coñecedores a través do DOG. Neste caso houbo unha consulta previa no departamento de urbanismo, asistindo el a unha videoconferencia, non lles dixo para nada o que teñen que facer. Eles saberán o que teñen que facer. De que hai que estar vixiantes.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que non se fía moito. Pode ser fotovoltaica e incluso se falaba de residuos. A enerxía verde ocasiona unha serie de residuos, hai un tipo de baterías que hai que almacenar. Temos aí limítrofe un concello. Rexeitouse unha emenda alegación para facer unha zona industrial. Non temos zona industrial pero podemos ter zonas que poden ser para acumular residuos. Non lle estrañe que esteamos vixiantes. O concello pode estar a favor ou pode estar en contra. Aos veciños interésalle saber o que se quere facer.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- A explotación da cantina da piscina O Muíño, foi outorgada por adjudicación directa, non existindo unha licitación que permitise a igualdade de oportunidades entre a veciñanza interesada na súa xestión.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Por qué motivo o goberno municipal decidiu adjudicar a explotación da cantina da piscina do Campo da Feira a dedo, na vez de recorrer a un proceso de licitación aberto?.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que por unha razón de urxencia ante a próxima apertura da instalación e ausencia de persoas interesadas. Se hai persoas interesadas poden comunicalo ao concello para a apertura dun procedemento de licitación, non hai ningún tipo de inconviniente.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a el lle trasladaron que si que estaban interesados, viñeron preguntar e que se lles informou que se ía facer unha adxudicación directa. Foi persoalmente falar co Secretario para preguntar como se ía adxudicar a cafetería da piscina do Muíño, como ía ser o proceso, e que ía ser adxudicación directa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se quere dicir a verdade, a eles ninguén lle foi a preguntar. Se llo trasladan a vostede e eles non o saben, non é certo. Vostede non é o que fai a adxudicación, se tiña esa dúbida tiña que vir a preguntarlle a eles. Cando foi a falar co Secretario xa estaba a adxudicación feita. Fíxose por decreto. Repite que se coñecen a alguén que veña ao concello. Veña coa persoa ao concello se é así, e acredite que falou con el, con calquera dos concelleiros do grupo do goberno ou traballador do concello, tráiao, como sempre fai a calada por resposta. Maña mesmo se quere.

- Diversos veciños e veciñas, amosaron a este grupo municipal a súa preocupación e frustración na tramitación das horas de asistente social, trasladando a existencia de procedementos que superan ano e medio sen aínda poder acceder á prestación.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Cantos casos se atopan en tramitación relacionados co concello de Ordes?.

¿Cal é a duración media/habitual que tarda en completarse a tramitación dun expediente?.

¿A que se debe que o trámite sexa tan dilatado?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social e Presidenta da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes, que sinala que ten que especificarlle a que se refire.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que é nos expedientes de axuda a domicilio.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que non entendeu iso, pensou que preguntaba polos expedientes abertos de asistencia social en xeral hai. Eles non acceden directamente aos expedientes, o ten que pedir á Xunta de Galicia, so introducen a documentación no sistema.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta si o trámite é tan dilatado por que entra no sistema e a Xunta de Galicia e a que debe resolver.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que o prazo legal máximo para resolver é de nove meses, está así na lei. Durante a pandemia non se traballou nese tema, faciase a solicitude e daban as horas de emerxencia. No momento en que se levanta a pandemia empezouse a poñer todo ao día, a recabar a información, co que se acumulou o traballo. Todas as semanas hai unha media de cinco a dez solicitudes de dependencia en Ordes, multiplique por 313 concellos, e iso que se multiplicaron as traballadoras sociais, o procedemento e longo, todas as traballadoras fan as visitas sociais. Estamos nunha media dun ano e ano e medio. Non so se solicita dependencia, tamén a modificación, o agravamento.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Segundo o regulamento do Consello Escolar Municipal (CEM) de Ordes, o pleno do CEM realizará xuntanzas ordinarias cada seis meses, mentres que a comisión permanente manterá xuntanzas ordinarias cada tres meses. Así mesmo, cada ano deberíase remitir á corporación municipal un informe sobre o estado do ensino no municipio, o cal levamos anos sen recibir.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Cantas veces foi convocado o pleno e a comisión permanente do CEM nos últimos catro anos e en que datas?.

¿Por qué motivo non está a funcionar o CEM?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que o Consello Escolar Municipal deixouse de convocar no momento en que se iniciou o proceso de renovación dos seus membros, os sindicatos non se puxeron de acordo para comunicar estes, despois chegou a pandemia. A súa idea era a partir deste ano iniciar de novo o proceso de designación dos novos membros. Ten na súa disposición os datos de cada curso escolar.

- O procedemento de inscrición para os cursos de natación na piscina Iván Raña Fuentes, non funcionou de maneira axeitada. Fallos na páxina cando comezaba o prazo, no nivel I poder inscribirse a data de nacemento esixida era 1899 e incluso a veciñanza manifesta que antes da hora de comezo do procedemento existían cursos con menos prazas dispoñibles das ofertadas.

Por outra banda, resulta curioso que aos poucos minutos de abrirose o procedemento, non sexa posible inscribirse en determinados cursos, polo que semella que a oferta de prazas resulta insuficiente para as necesidades do noso concello.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿A que se deberon todos estes fallos e que ten pensado facer para que a situación non volva a repetirse?.

¿Ten pensado o goberno municipal aumentar a oferta de prazas para os cursos de natación, vendo que a demanda é moi superior á oferta?.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleiro delegada de deportes, que sinala que ten toda a razón, houbo un fallo na aplicación que se supoñía ía estar solventado. O informático do concello estaba en contacto co persoal de administración da piscina. Pensaban que ese fallo estaba solucionado pola persoa que xestiona a aplicación. A partir das 10:05 horas xa se podía facer a inscrición, agora xa non ten solución. O que vai a facer a partir de agora para solucionar esta situación é revisar nos a aplicación. Cando se entraba no enlace da aplicación automaticamente ao cubrir o nome de usuario esa praza quedaba bloqueada, anteriormente ocorría que se non quedaba bloqueada para xerar a cara de pago podía haber colapsos. Por iso parecía non haber prazas dispoñibles, que si o estaban máis tarde se en media hora non se cubría a instancia. Ofertáronse máis prazas por que levan varios anos nos que non se cubren os cursos de nivel cero. Van a rematar o traballo que se está a facer estes días na piscina e ver se quedan algúns veciños sen praza, neste caso hai dous cursos que non se fan a facer a través dunha Anpa e eses corenta e cinco minutos de cada curso poderán ofertarse a maiores segundo a demanda maioritaria.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás **vinte e unha** horas e **cincuenta e seis** minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estando a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias